


1 Le como foi un día magnífico para Cibrán.



Lembranzas de debaixo da auga

O mellor día da miña vida foi aquel sábado que baixei por primeira vez ao fondo do mar co submarino.

Observei que se aproximaba un banco de peixes de cores e tamén vin que detrás nadaba un peixe espada. Impresionoume o morro tan longo.

Decidín que a partir daquel momento me convertería en investigador.

● Agora contesta as preguntas.

Cal foi o mellor día da vida de Cibrán? _____

Por que? _____

Que viu? _____

Que foi o que máis o impresionou? _____


Que decidiu? _____

3 Escribe o que fixeches a última fin de semana.

O sábado, eu _____

O domingo, _____

3 Le o que pasou na excursión dos alumnos de 2.º e contesta.



Peixe xigante

O mércores día quince fomos de excursión ao mar. Aquel día vimos na praia de Paizás o barco duns mariñeiros que capturaran unhas luras xigantes.

Os mariñeiros dixéronlle á mestra que nos convidaban a todos a luras á grella.



Cando foi? _____

Onde foi? _____

Que pasou? _____

Como acabou todo? _____

4 Le e inventa outro final para esta aventura.

Un tesouro milenario

Onte á tardiña, uns amigos e mais eu descubrimos un cofre na praia da Lanzada.

Cando o abrimos, vimos que estaba cheo de moedas, pero deseguida nos decatamos de que as moedas eran de chocolate.

Que broma!


1 Clasifica las palabras siguientes segundo se escriban.

ca co cu



que

qui



2 Completa.

Escribimos c ante ____, ____, __

Escribimos qu ante ____, __

